



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de xaneiro de 2017**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e tres de xaneiro de dous mil dezoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(38).-RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(39).- DECLARAR DESERTO O LOTE 4 DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS PERTENCENTES AO PROXECTO “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”. EXPTE. 14400/77.

Dáse conta da proposta asinada con data 22/01/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

13.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) (lote 4 “HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar”)

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) (lote 4 “HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar”)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de novembro de 2017 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77).

Segundo.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 29 de decembro de 2017, concorreron a esta licitación, os seguintes licitadores:

1. MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.
2. G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.
3. MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L.
4. INNOVACIÓN Y DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L.
5. CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.
6. GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L.
7. CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES ESTUDIOS MEGA, S.L.
8. CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.
9. FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN
10. ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.

Terceiro.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión que tivo lugar o 2 de xaneiro de 2018 examinou as proposicións presentadas a cada un dos lotes deste procede-



Concello de Vigo

mento, constatando que para o lote 4 "HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar" non se presentou proposición ningunha.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para o lote 4 "HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar", tal e como se constatou na sesión da Mesa de Contratación do 2 de xaneiro de 2018, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o lote 4 "HOTR0208 - Operacións básicas de restaurante e bar" do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77) por non terse presentado ningunha proposición".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(40).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS PERTENCENTES AO PROXECTO "VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE". EXPTE. 14400/77.

Dáse conta da proposta asinada con data 22/01/18 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto "Vigo polo emprego da mocidade" (14.400-77)

Á vista do informe de valoración do sobre B das proposicións presentadas, así como da valoración do sobre C pola Mesa de Contratación e demais actuacións desta, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2a TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na data 18 de xaneiro de 2018 do licitador GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L. do lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés) polo motivo previsto na cláusula 13.5B do PCAP (“A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 7.A da FEC”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición e avaliación das accións formativas pertencentes ao proxecto “Vigo polo emprego da mocidade” (14.400-77) na seguinte orde descendente:

Lote 1 “ADGD0210 - Creación e xestión de microempresas”

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75
2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	89,95
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	87,76
4	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	84,43
5	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	66,25
6	GABINETE DE RECOLOCACIÓN INDUSTRIAL, S.L.	65,43

Lote 2 IFCD0110 - Confección e publicación de páxinas web

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75
2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	89,04
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	88,72
4	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	71,30
5	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	58,97

Lote 3 HOTR0108 - Operacións básicas de cocina



Concello de Vigo

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L.	100

Lote 5 FCOV05 - Comunicación en linguas estranxeiras (inglés)

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L.	96,75
2	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	92,35
3	G 12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	90,07
5	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	84,32
6	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	65,28
7	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	24,31

Lote 6 FCOO02 - Sensibilización na igualdade de oportunidades

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	94,75
2	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	85,94
3	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	82,69
4	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	79,19
5	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	64,42

Lote 7 FCOI02 - Alfabetización informática: informática e Internet

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L.	94,75
2	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.	86,73
3	CENTRO INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	79,50

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
4	ACCROS BUSINESS SOLUTIONS, S.L.	75,39
5	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	74,71
6	INNOVACIÓN E DESARROLLO FORMATIVO 2011, S.L.	37,85

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5), MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3) e UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditarse a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP (*“Os licitadores deberán dispor da acreditación e inscrición do centro ou entidade de formación para a/as especialidade/s formativa/s que vaia a impartir, no Servizo Público de Emprego Estatal ou órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego”*).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir aos citados licitadores o aboamento de 1.991,18 euros (331,86 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”:

- CENTRO DE ESTUDIOS ACTIVA FORMACIÓN, S.L. (lotes 1, 2 e 5): 995,60 euros
- MONTE BLANCO AGRARIA GALLEGA, S.L. (lote 3): 331,86 euros
- UTE CENTRO ESTUDIOS INFORMÁTICOS CONTABLES (CEICA) - ESTUDIOS MEGA, S.L. (lotes 6 e 7): 663,72 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.



Concello de Vigo

4(41).-AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DA ADMINISTRATIVA, CO Nº DE PERSOAL 83520 Á FEIRA CHRISTMASWORLD, QUE SE VAI CELEBRAR EN FRANKFURT, DO 25 AO 28 DE XANEIRO DE 2018. EXPTE. 10230/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/01/18, dáse conta do informe-proposta de data 15/01/18, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Área de Servizos Xerais, a técnica de Admón. Xeral do Servizo, o concelleiro de Parques e Xardíns e o concelleiro de Orzamentos e Facenda:

Antecedentes:

O concelleiro delegado de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos ten previsto a súa asistencia á Feira Internacional Christmasworld en Frankfurt, do 25 ao 28 de xaneiro de 2018, coa finalidade de coñecer as novidades en decoración de nadal e poder contactar con provedores do sector, co obxecto de coñecer as últimas novidades de utilidade no desenvolvemento das súas competencias na área de Comercio.

Para este fin, é preciso a asistencia dunha persoa que se encargue de facer as traducións oportunas facilitando o traballo do concelleiro.

Considerando a formación académica da administrativa adscrita ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns, M^a Inés Cacharrón González, con número de persoal 83520, licenciada en filoloxía inglesa, propónse a súa asistencia nos labores de tradución.

Por elo, de conformidade co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e previo informe da Intervención Municipal, este Servizo proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA

1. Autorizar a asistencia da administrativa, Inés Cacharrón González á Feira Christmasworld, que se vai celebrar en Frankfurt, do 25 ao 28 de xaneiro de 2018.
2. Autorizar o gasto correspondente por asistencia á Feira Christmasworld, en concepto de gastos de viaxe, e dietas de aloxamento e manutención que se desglosa a continuación:

Partida orzamentaria	Día/s	Gasto día/s - Aloxamento	Gasto día/s - manutención	Total
----------------------	-------	--------------------------	---------------------------	-------

1710. 230.20.00 (dietas persoal)	25/01/18	117,20€	1/2 día 28,25€	145,45€
	26 e 27/01/2018	117,20€x2días= 234,40€	56,50€x2 días=113€	347,40€
	28/01/18		1/2 día 28,25€	28,25€
1710. 231.00.00 (Gastos locomoción xardíns)			448,50 €	448,50 €
Total				969,60 €

3. Para a tramitación deste expediente consúmese crédito da bolsa de vinculación, sen que isto altere o funcionamento do servizo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez